

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 1º DE BACHARELATO
MATERIA: TIC
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

TRIMESTRE	1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
1º TRIMESTRE	B2.1. Configurar computadores e equipamentos informáticos identificando os subsistemas que os compoñen e relacionando cada elemento coas prestacións do conxunto, e describir as súas características.	TIC1B2.1.1. Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento.	CD CMCCT
		TIC1B2.1.2. Realiza esquemas de interconexión dos bloques funcionais dun computador e describe a contribución de cada un ao funcionamento integral do sistema.	CD CMCCT
3º TRIM.	B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos.	TIC1B3.1.1. Deseña bases de datos sinxelas e/ou extrae información, realizando consultas, formularios e informes.	CD CMCCT CAA CSIEE CCEC
1º TRIMESTRE		TIC1B3.1.2. Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das aplicacións e tendo en conta o destinatario.	CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC
3º TRIMESTRE		TIC1B3.1.3. Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina.	CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC

2º TRIMESTRE		TIC1B3.1.4. Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.	CD CMCCT CAA CSIEE
		TIC1B3.1.5. Deseña elementos gráficos en 2D para comunicar ideas.	CD CMCCT CAA CSIEE
3º TRIMESTRE	B5.1. Aplicar algoritmos á resolución dos problemas máis frecuentes que se presentan ao traballar con estruturas de datos.	TIC1B5.1.1. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo.	CD CMCCT CAA

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cor azul corresponde ao 3º trimestre e non son avaliábles na proba extraordinaria de setembro

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación sistemática na aula. -Actividades específicas desenvolvidas co software correspondente. -Recopilación de materiais <p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Boletíns con actividades guiadas e non guiadas realizadas ao longo de cada avaliación. -Os alumnos que non acadaron unha cualificación positiva no 1º ou 2º trimestre, poderán facer unha actividade de recuperación no 3º trimestre. -Valoración do interese e esforzo do alumno.
Cualificación final	<p>A cualificación final calcularase a partir da nota media das 1ª e 2ª avaliacións e se lle poderá engadir un ou dous puntos, dependendo do traballo desenvolvido durante o 3º trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"> -No caso de que o alumno ou alumna presente todas as tarefas propostas e o desenvolvemento das mesmas sexa totalmente correcto, amosando un grande esforzo por completar a súa formación e acadar a excelencia: incrementarase a súa nota 2 puntos. -No caso de que o alumno ou alumna presente só algunhas das tarefas propostas ou, presente todas pero non sexan completamente correctas: aumentarase a súa nota 1 punto. -No caso de que o alumno ou alumna non presente ningunha das tarefas propostas ou de que o presentado careza de coherencia ou non acade uns obxectivos mínimos : non se lle aumentará ningún punto. <p>Os <u>alumnos que non acadaron unha cualificación positiva no 1º ou 2º trimestre</u>, deberán obter unha puntuación de 5 ou superior a 5 nas actividades de recuperación propostas no 3º trimestre.</p> <p>A súa cualificación nese-s trimestre-s recuperado-s nunca será superior ao 5.</p> <p>Cando recupere a avaliación suspensa, seguirase o procedemento descrito anteriormente, podendo ver, ou non, aumentada a súa nota dependendo do traballo desenvolvido no 3º trimestre.</p> <p>Se o alumno non presenta o boletín de recuperación ou non chega ao 5, farase a media dos dous primeiros trimestres e poderá ver, ou non, incrementada a súa puntuación coas tarefas presentadas no 3º trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Farase en base aos estándares mínimos esixidos nos dous primeiros trimestres. Tanto se a proba é presencial como se se fai a través da Aula Virtual, limitarase aos contidos impartidos de forma presencial na 1ª e 2ª avaliación. A puntuación deberá ser de 5 ou superior a 5 para que a materia quede recuperada.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Actividades de recuperación do 1º trimestre. -Actividades de recuperación do 2º trimestre. -Actividades prácticas guiadas e non guiadas -Traballos de ordenador realizados con diferentes aplicacións informáticas de xeito que atendan aos requirimentos marcados pola profesora -Ampliación de contidos: boletín de Qcad
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Método expositivo no ensino presencial e tamén no ensino a distancia por medio de videotutoriais nos que se explican todos os contidos da unidade correspondente así como a forma de resolución e presentación dos exercicios propostos.</p> <p>Os contidos, actividades e prazos de entrega son notificados a través do correo electrónico e a través do servizo de mensaxería da Aula Virtual.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p><u>No ensino presencial:</u> Contamos cunha aula de informática equipada con 22 equipos informáticos co software necesario e con material audiovisual (canón).</p> <p><u>No ensino a distancia:</u> Contamos co material incluído no correspondente curso dentro da Aula Virtual do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Videos e videotutoriais, arquivos word, jpg e pdf para teoría e exercicios. - Foros de dúbidas, servizo de mensaxería da Aula Virtual e correo dentro do dominio Telleiras.org

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación establececese a través do correo electrónico, dos foros de dúbidas e do servizo de mensaxería da Aula Virtual do centro
Publicidade	A presente adaptación da programación publicarase na páxina web do centro.